

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 1 DE OUTUBRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día un de outubro de dous mil sete; as dúas do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 24 de Setembro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

CONDICIÓNNS URBANÍSTICAS.-

Expte: 17/09/2007/4687-CU/291: Vista a solicitude de **Don Jorge Gómez Deaño**, con domicilio na rúa Pi Margal Interior nº 2, 5ºH, Vigo, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito en San Paio (Referencia Catastral 22.37.3-30), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 01.10.07, que literalmente di:

1. “O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e no carácter de aplicación que lle corresponde ás NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, ESTUDIO de DETALLE de SAMPAIO TRAVESIA, aprobado en Pleno de 29 de febreiro de 1996 e publicado no BOP de 19 de novembro de 1996.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro; Lei 6/2007, de 11 de maio, de

medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

- 1.1 A ubicación , corresponde á franxa de 20,00 metros de fondo e Ordenanza de aplicación UMA-III, según consta na Cartografía Oficial do E.D. Alineacións, Rasantes e Ordenación , E 1: 500.
- 1.2 Para materializar os aproveitamentos previstos ,téñense que axustar os lindes das parcelas á zonificación prevista de UMA-III e UMB-II. Regularización de predios. Art. 117. do R.G.
- 1.3 É de aplicación a Ordenanza 14.1 UM USOS MIXTOS, GRADO A e complementarias.
- 1.4 Sobre a finca de referencia, existe unha vivenda unifamiliar de planta baixa , e a la que lle é de aplicación o rexime urbanístico previsto por o Art. 130-2 “Edificios fora de ordenación”.

2. Axúntase co presente informe:

- 2.1 Ordenanza UM, USOS MIXTOS , GRADO A.
- 2.2 Cartografía Oficial E.D. E 1: 500 , Plano 4.1
- 2.3 Plano Catastral.”.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **don José Manuel Domínguez Gabian**, con domicilio na rúa Ramón Otero Pedrayo nº 11, 5º dcha, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **dona Elvira Ferreiro Montero**, con domicilio na estrada de San Paio nº 72, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **Promocións Aldamar Galicia**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 58, baixo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“ Da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, Resolución concedendo anticipo da anualidade de 2007 prevista no Convenio de Colaboración entre a Consellería e o Concello para a Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia”.

-“ Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando baixas no servizo de teleasistencia domiciliaria”.

-“Do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, comunicando os representantes locais no Consello Territorial da propiedade inmobiliaria”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

PETICION DE SUBVENCIONS.-

ACOLLERSE A ORDE DO 20 DE ABRIL DE 2007 POLA QUE SE REGULA A CONCESION DE SUBVENCIONS AOS CONCELLOS DE GALICIA PARA A REDACCION DE INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO URBANISTICO.-

“Vista a Orde do 20 de Abril de 2007, pola que se regula a concesión de subvencións aos Concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, publicada no D.O.G.A. núm. 79, de data 24 de abril de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda o seguinte:

1º. Acolleuse a dita Orde solicitando subvención para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (Traballos Complementarios; Artigo 2, apartado 2 de dita Orde).

2º. Dar conta e ratificación do presente acordo na primeira sesión plenaria que se celebre.”.

APROBACIÓN DO PADRÓN DO IAE

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación ao Padrón Municipal do Imposto de Actividades Económicas correspondente ao exercicio de 2007, por importe de 33.188,20 euros. Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda fixar o período de cobro voluntario entre o 1 de outubro e o 30 de novembro de 2007.”

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº5/07.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº5 /07, por importe de 294.663,10 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.